

CHARLOTTE BRONTË

Jane Eyre

Traducción de Celia Recarey Rendo



I

Aquel día non foi posible dar un paseo. En realidade, deramos unha volta dunha hora polo xardín de arbustos sen follas pola mañá, pero despois do xantar —a señora Reed, cando non había visitas, xantaba cedo— o frío vento invernal trouxera canda si unhas nubes tan escuras e unha chuvia tan penetrante que volver saír resultaba agora impensable.

Eu alegreime: nunca me gustaron os paseos longos, en especial nas tardes de friaxe. Parecíame horrible volver á casa no cru luscofusco, cos dedos e as dedas entumecidos e o corazón apesado polas recriminacións de Bessie, a aia, e humillada pola consciencia da miña inferioridade física con respecto a Eliza, John e Georgiana Reed.

Os devanditos Eliza, John e Georgiana estaban agora congregados arredor da súa nai na sala de estar. Ela xacía recostada no sofá, a carón do lume e, rodeada dos seus fillos —sen liortas nin choros, polo momento—, parecía perfectamente feliz. A min dispensárame de me unir ao grupo dicindo que «lamentaba verse na necesidade de me manter a distancia, pero que até que falase con Bessie e puidese confirmar mediante as súas propias observacións que estaba tratando con verdadeira seriedade de adoptar unha disposición máis sociable e infantil, uns modais máis atractivos e vivaces —un tanto máis liviáns, máis francos, máis naturais, por así dicilo—, debía excluírme de todos os privilexios dirixidos unicamente a criaturas contentas e felices».

—Que di Bessie que fixen? —preguntei.

—Jane, non me gustan as criticadoras nin as preguntonas; ademais, resulta verdadeiramente indelicado que unha rapaza lles retruque desa maneira aos seus maiores. Vai sentar por aí por algures e fica calada até que sexas quen de falar dun xeito agradable.

Ao lado da sala de estar había un comedor onde almorzabamos, e metinme alí. Nel había unha librería e pronto me fixen cun volume, procurando que fose un ben repleto de estampas. Empoleireime na soleira da fiestra, recollín as pernas e sentei con elas cruzadas, á turca e, tras correr case de todo as cortinas de tea adamsada, consagreime ao meu duplo retiro.

Pregos de tecido escarlata pechaban a vista á miña dereita; á esquerda, tiña os transparentes vidros que me protexían pero non me separaban daquel morriñento día de novembro. De cando en vez, mentres pasaba as páxinas do libro, estudaba o aspecto daquela tarde de inverno. Ao lonxe, ofrecía un pálido baleiro de brétema e nubes; máis preto, unha escena de herba mollada e arbustos azoutados pola tormenta, cunha chuva incesante a varrelos salvaxemente antes do longo ouveo dun refacho de vento.

Retomei o meu libro, a *Historia das aves británicas* de Bewick, cuxas letras, en termos xerais, pouco me interesaban; así e todo, había certas páxinas introdutorias que, meniña como era, non podía pasar como se estivesen en branco. Estaban as que falaban das goridas das aves mariñas, dos «solitarios penedos e promontorios», só por elas habitados, da costa de Noruega, zarrapicada de illas desde o seu extremo meridional, o cabo Lindesnes ou Naze, até o Cabo Norte:

*Onde o Mar do Norte, en vastos remuíños,
buliga arredor das espidas e melancólicas illas
da remota Thule, e as ondas do Atlántico
flúen por entre as tormentosas Hébridias.*

Tampouco podía deixar de reparar na evocadora descrición das inhóspitas costas de Laponia, Siberia, Spitzbergen, Nova Zembla, Islandia, Groenlandia coa «vasta extensión da Zona Ártica e aquelas desoladas rexións de monótonos espazos, aquel reservorio de xeadas e neve onde sólidos campos de xeo, acumulados ao longo de centos de invernos, cristalizados nunha acumulación de elevacións alpinas, rodean o polo e concentran os multiplicados rigores do frío extremo». Facíame a miña propia idea daqueles reinos brancos como a morte: sombríos, como todas as ideas a medio entender que aboian nas mentes infantís, vagas pero estrañamente impresionantes. As palabras daquelas páxinas introdutorias conectaban coas ilustracións que as seguían e dábanlle significado á rocha que se alza solitaria nun mar de nubes e espuma; ao barco esnaquizado varado nunha costa desolada; á fría e pálida lúa que contempla entre un enreixado de nubes un navío que afonda.

Non son quen de describir a sensación que envolvía o solitario adro da igrexa coa súa lápida inscrita, a súa cancela, as súas dúas árbores, o seu horizonte baixo, cinguido por un valado en ruínas e a media lúa acabada de saír para dar fe da hora do anoitecer.

Aqueles dous barcos inmóbiles nun mar letárxico pareceróme espectros mariños.

A ilustración do demo a turrar do saco que o ladrón leva ao lombo paseina rápido: dábase terror.

O mesmo sucedía coa da criatura de cornos negros empoleirada no alto dun penedo, axexando desde a distancia o xentío que rodea o patíbulo.

Cada ilustración contaba unha historia, a miúdo misteriosa para o meu coñecemento pouco desenvolvido e a miña sensibilidade imperfecta, mais sempre dun fondo interese, tanto como os contos que ás veces contaba Bessie nos seráns de inverno, cando por casualidade estaba de bo humor e cando, despois de achegar a

mesa de pasar o ferro á lareira do cuarto de xogos, nos permitía sentar arredor dela e, mentres ela lle daba volume aos volantes de encaixe da señora Reed e moldeaba co ferro as beiras do seu gorro de durmir, ía alimentando a nosa ansiosa atención con pasaxes de amor e aventuras extraídos de vellos contos de fadas e outros romances ou —como máis adiante descubrín—, das páxinas de *Pamela* e de *Henry, conde de Moreland*.

Co Bewick no regazo, sentíame, pois, feliz; feliz, polo menos, á miña maneira. Non temía nada máis que ser interrompida, cousa que logo pasou. A porta do comedor abriuse.

—Boh! Dona Coitada! —berrou a voz de John Reed; despois fixo unha pausa ao descubrir a estancia aparentemente baleira.

—Onde raio está! —continuou—. Lizzy! Georgy! —chamou polas súas irmás—. Joan non está aquí, dicíndelle á mamá que escapou á chuvia... que besta!

«Fixen ben en correr a cortina», pensei, e desexei con fervor que non descubrixe o meu agocho; e John Reed non o daría descuberto por si mesmo: non era rápido nin de vista nin de entendemento, pero Eliza asomou a cabeza pola porta e dixo de vez:

—Ha de estar na soleira, seguro, Jack.

Saín de inmediato, pois a idea de que Jack me sacase de alí a rastro dábame arrepíos.

—Que queres? —preguntei con torpe desconfianza.

* N. da T.: *Pamela, or Virtue Rewarded* é unha novela epistolar do escritor e impresor británico Samuel Richardson (1689–1761). Considerada unha das primeiras novelas da literatura inglesa, relata a historia de Pamela, unha serventa de quince anos á que o seu patrón trata de seducir.

The Fool of Quality; or, The History of Henry, Earl of Moreland é unha novela picaresca do escritor irlandés Henry Brooke (1703–1783) que narra as vicisitudes de Harry Clinton, un mozo repudiado polo seu pai aristócrata e criado polo seu benevolente tío.

—Di: «Que quere, señorito Reed?» —foi a súa resposta—. Quero que veñas aquí. —Sentou nunha butaca e indicoume cun aceno que debía achegarme a el.

John Reed era un colexial de catorce anos; catro anos máis ca min, pois eu non tiña máis que dez. Graúdo e rexo para a súa idade, de pel apagada e aspecto malsán, con bastas faccións nun rostro amplo, membros pesados e grandes extremidades. Adoítaba fartarse ben na mesa, cousa que o facía irritable e lle daba unha cor apagada e opaca nos ollos e flaccidez nas fazulas. Agora debería estar na escola, pero a súa mamá trouxérao para a casa un mes ou dous «por causa da súa delicada saúde». O señor Miles, o mestre, afirmaba que lle iría moi ben que lle enviasen menos tortas e doces da casa, pero o corazón da nai rexeitaba aquela opinión tan dura e prefería a idea, máis refinada, de que a mala cor de John se debía a un exceso de aplicación e, talvez, a que tiña saudades da casa.

John non lle tiña moito cariño á súa nai e ás súas irmás, e a min tíname antipatía. Intimidábame e castigábame, non dúas ou tres veces á semana, nin unha ou dúas veces ao día, senón de continuo: cada nervio do meu corpo temía, e cada anaco da carne que me cubría os ósos engruñábase en canto el se achegaba. Había momentos en que me paralizaba o terror que me inspiraba, porque non tiña a quen apelar fronte ás súas ameazas e feitos: ao servizo non lle gustaba ofender o señorito poñéndose da miña parte ante el, e a señora Reed era cega e xorda a ese respecto, nunca o vía bater en min nin o oía ofenderme, aínda que de cando en vez facía ambas as cousas na súa presenza; con máis frecuencia, porén, facíaas ás súas costas.

Obedecendo, como decote, a John, achegueime á súa cadeira; el dedicou uns tres minutos a botarme a lingua, sacándoo tanto como podía sen a arrincar do sitio. Eu sabía que pronto me había bater e, aínda que temía o golpe, pensaba na noxenta e

desagradable aparencia de quen ao cabo mo daría. Non sei se me vería a idea na cara, pois, de súpeto, sen dar unha fala, bateume con forza. Eu cambaleei e, en canto recuperei o equilibrio, dei un paso atrás ou dous.

—Iso pola túa impertinencia ao contestarlle a mamá hai un anaco —dixo— e por te agochares arteiramente detrás das cortinas, e pola mirada que tiñas nos ollos hai dous minutos, rata!

Afeita aos abusos de John Reed, non me pasou pola cabeza replicarlle, o que me preocupaba era o golpe que, sen dúbida, viría detrás do insulto.

—Que facías detrás da cortina? —preguntou.

—Estaba a ler.

—Ensíname o libro.

Volvín á fiestra e collino.

—Non tes dereito a coller os nosos libros; di mamá que es unha mantida, que non tes diñeiro, que teu pai non che deixou nada; deberías andar a pedir, non vivir cos fillos dun cabaleiro coma nós e comer o mesmo que nós comemos, e vestir á conta da nosa nai. Vouche ensinar a andar a remexer nos meus andeis; pois meus son, toda esta casa é miña, ou será en poucos anos. Vai e pónteme onda a porta, lonxe do espello e das fiestras.

Así o fixen, sen decatarme ao primeiro de cal era a súa intención, pero cando o vin levantar e colocar o libro, e prepararse para lanzalo, instintivamente aparteí para un lado cun berro de alarma; mais non pronto abondo: o volume arrebolado deume, caín, batín coa cabeza contra a porta e corteime. O corte sangraba, a dor era aguda, o meu medo pasara; sucedéranlle outras sensacións.

—Rapaz perverso e cruel! —dixen—. Es como un asasinno... como un tratante de escravos... es como os emperadores romanos!

Lera a *Historia de Roma* de Goldsmith e fixérame unha opinión de Nerón, Calígula e os demais. Tamén atopara paralelismos en silencio que nunca crera que ía declarar en alto daquel xeito.

—O que? O que? —berrou el—. Díxome iso? Oístes iso, Eliza e Georgina? A que llo digo á mamá? Pero primeiro...

E botouse de cabeza a min; sentín que me agarraba do cabelo e do ombreiro e apertaba cunha forza desesperada. Certamente, vino entón como un tirano, un asasino. Notei que unha pinga ou dúas de sangue me corría da cabeza polo pescozo abaixo, e sentín unha dor penetrante; estas sensacións predominaron naquel momento sobre o medo e recibín os golpes defendéndome freneticamente. Non sei moi ben o que fixen coas mans, pero el chamoume: «Rata! Rata!», e ouveou ben alto. A axuda tíña preto: Eliza e Georgiana foran correndo buscar a señora Reed, que fora arriba e descubría agora a escena, seguida por Bessie e pola súa doncela, Abbot. Separáronnos e oín estas palabras:

—Ai, Señor, Señor! Que fera! Botarse así ao señorito John!

—Algunha vez viu alguén semellante estampa de arrebatado!

E entón a señora Reed engadiu:

—Levádea ao cuarto vermello e pechádea alí.

Catro mans botáronse de inmediato sobre vin e leváronme ao andar de arriba.

II

Opuxen resistencia durante todo o camiño, cousa nova para min, e circunstancia que reforzou enormemente a mala opinión que Bessie e a señorita Abbot estaban predispostas a ter de min. O certo é que estaba un chisco alterada, ou máis ben, fóra de min, como se adoita dicir. Era consciente de que unha rebelión momentánea xa me fixera acreedora dun castigo excepcional e, como calquera outra escrava rebelde, resolvín, na miña desesperación, chegar até onde fose preciso.

—Agárrelle os brazos, señorita Abbot: está como unha gata doente.

—Que vergoña! Que vergoña! —exclamou a doncela—. Que conduta tan escandalosa, señorita Eyre, bater no señorito, o fillo da súa benfeitora! O seu amo.

—Amo? Como vai ser o meu amo? Acaso son unha criada?

—Non, é vostede menos que unha criada, pois non fai nada para gañar a manutención. Sente aí e reflexione sobre a súa ruindade.

Para entón xa me levaran ao apartamento indicado pola señora Reed e me chantaran sentada nun tallo; o meu impulso foi erguerme del como un resorte, os dous pares de mans detivéronme ao instante.

—Se non senta quieta, haberá que atala —dixo Bessie—. Señorita Abbot, déixeme as súas ligas, as miñas habíaas romper ao dereito.

A señorita Abbot revirouse para desprender unha rexa perna do atadallo requirido. Esta preparación de ataduras, e a ignominia adicional que supoñía, acalmáronme un tanto os nervios.

—Non as saque —clamei—, non me moverei.

E a modo de garantía, agarreime ao asento coas mans.

—Procure non facelo —dixo Bessie, e cando se asegurou de que me estaba a sosegar de verdade, afrouxou os brazos; despois ela e mais a señorita Abbot chantáronse diante de min cos brazos cruzados, mirándome con mala cara e desconfianza, como se dúbidasen da miña cordura.

—Nunca fixera algo así —dixo por fin Bessie volvéndose cara a Abigail.

—Pero sempre o levou dentro —foi a resposta—. Tēñolle dito moitas veces á señora o que opino da rapaza, e a señora concordaba comigo. É unha cativa arteira, nunca vira unha rapaza desaxidada con tanta dobrez.

Bessie non respondeu, pero ao pouco, dirixíndose a min, dixo:

—Debería saber, señorita, que lle debe moito á señora Reed, que a mantén, e se ela a botase, acabaría vostede no hospicio.

Non tiña nada que dicir ante aquelas palabras, non me eran novas: entre as primeiras lembranzas da miña existencia atopábanse insinuacións desa mesma caste. Iso de me reprochar a miña dependencia convertérase nun vago cantaruxar nos meus oídos: doloroso e destrutivo, pero só medio intelixible. A señorita Abbot sumouse:

—E non debería creerse en pé de igualdade coas señoritas e o señorito Reed porque a señora permita que se críe con eles. Eles terán moito diñeiro e vostede ningún; debe ser humilde e tratar de resultarlles agradable.

—O que lle estamos a dicir é polo seu ben —engadiu Bessie nun ton xa libre de severidade—, debería tratar de resultar útil e agradable, entón talvez atope aquí un fogar, pero se se amosa temperamental e irrespectuosa a señora botaraa, estou certa.

—Ademais —dixo a señorita Abbot—, castigaraa Deus: pode facela caer morta no medio dunha perrencha, e entón onde acabaría? Veña, Bessie, deixémola; non quería eu ter un corazón como o dela por nada do mundo. Diga as súas oracións, señorita Eyre, en canto fique soa, pois se non se arrepite aínda ha entrar pola cheminea unha cousa mala e a ha levar.

Marcharon, cerraron a porta tras de si e fechárona con chave.

O cuarto vermello era unha estancia cadrada, onde moi raras veces durmía ninguén, nunca, diría eu en realidade, agás cando un inesperado afluxo de visitas a Gateshead Hall facía necesario recorrer a todas as dependencias da casa; así e todo, era unha das estancias máis grandes e señoriais da mansión. Unha cama soportada por enormes piares de caoba, decorada con cortinas dun damasco vermello escuro, destacaba como un tabernáculo no centro do cuarto; as dúas grandes fiestras, coas persianas sempre baixadas, estaban medio cubertas con grilandas e pregos dun tecido similar; a alfombra era vermella; a mesa que había ao pé da cama tiña un mantel carmesí; as paredes eran dunha suave cor beixe cun toque rosado; o roupeiro, o toucador e as cadeiras eran dunha caoba antiga cun verniz escuro. E entre aqueles ton escuros que a rodeaban alzábase ben alta, e refulxía ben branca, a morea de colchóns e de almofadas da cama, cuberta por unha nívea colcha de piqué. Pouco menos prominente era unha ampla butaca tapizada que había onda a cabeceira da cama, tamén branca, cun repousapés diante que semellaba, ao meu parecer, un pálido trono.

O cuarto era frío, pois raras veces se prendía alí o lume; e era tranquilo, pois ficaba afastado do cuarto dos rapaces e mais da coziña, e solemne, pois era sabido que poucas veces se entraba nel.

Só a criada ía alí aos sábados, para limpar dos espellos e dos mobles unha semana de po silandeiro; a propia señora Reed visitábao moi de cando en cando para revisar o contido de certo caixón secreto do armario, onde gardaba diversos papeis, a súa caixa das alfaias e unha miniatura do seu defunto marido; e nestas últimas palabras reside o segredo do cuarto vermello, o conxuro que o facía tan solitario malia o seu esplendor.

O señor Reed morrera había nove anos; fora neste cuarto onde dera o derradeiro alento; aquí xacera de corpo presente; de aquí sacaran os empregados do enterrador o seu cadaleito; e, desde aquel día, certo aire de lúgubre consagración protexera a estancia de visitas frecuentes.

O asento no que Bessie e a amarga señorita Abbot me deixaran chantada era unha banquetta baixa que había a carón da cheminea de mármore; diante de min alzábase a cama; á miña dereita estaba o roupeiro, alto e escuro, sobre o que sutís e fragmentarios reflexos alteraban o brillo dos seus paneis; á miña esquerda estaban as fiestras tapadas; entre elas, un enorme espello repetía a baleira maxestade da cama e da estancia. Non estaba segura de que fechasen a porta e, cando ousei moverme, erguinme e fun ver. Ai!, fecharan, si, non houbera nunca cárcere máis seguro. Ao volver, tiven que pasar por diante do espello e o meu ollar fascinado explorou sen querer a profundidade do que revelaba. Todo parecía máis frío e escuro naquel baleiro visionario do que na realidade, e a estraña figuríña que me fitaba, coa cara e os brazos brancos como puntíños na penumbra, e os ollos que escintilaban de medo e se movían alí onde todo o demais ficaba inmóbil, daba a impresión de ser un auténtico espectro; parecíame un daqueles diminutos fantasmas, metade fada, metade trasno, que os contos nocturnos de Bessie dicían que saían de solitarias e frondosas valgadas nos páramos, e se lles presentaban aos viaxeiros demorados. Volvín para a miña banquetta.

A superstición acompañábame nese momento, pero non chegara aínda a hora da súa completa vitoria: aínda me fervía o sangue, o xenio da escrava rebelada seguía a dar-me forza co seu amargo vigor; tiven que coutar unha rápida enxurrada de imaxes do pasado antes de me entregar ao funesto presente.

Todas as violentas tiranías de John Reed, toda a orgullosa indiferenza das súas irmás, toda a aversión da súa nai, toda a parcialidade das criadas aboiaron na miña axitada mente como o escuro sedimento dun turbio pozo. Por que tiña que estar sempre sufrindo, sempre intimidada, sempre acusada, eternamente condenada? Por que nunca podía agrada? Por que era inútil tratar de gañar o favor de ninguén? A Eliza, que era teimuda e egoísta, respectábana. A Georgiana, que era unha consentida, amargamente rancorosa, cubilleira e impertinente, perdoábaselle todo. A súa beleza, as súas meixelas rosadas e os seus bucles dourados parecían deleitar a todo o que a miraba e outorgarlle impunidade a todas as súas faltas. A John ninguén o importunaba, e moito menos o castigaban, aínda que lles retorecía o pescozo ás pombas, mataba os pitos de pavo real, lles apurraba os cans ás ovelas, deixaba as parras do invernadoiro sen froita e arrincaba os gromos das plantas máis escollidas da galería; ademais, chamáballe «vella» á súa nai e ás veces denigrábaa pola súa pel escura, semellante, de feito, á del; desobedecía abertamente, non poucas veces racháballe e estragáballe as prendas de seda e, así e todo, seguía a ser o seu «queridíño». Eu non ousaba cometer falta ningunha, esforzábame por cumprir todas as miñas obrigas e era tachada de desobediente e pesada, de túzara e arteira da mañá á tarde e da tarde á noite.

Aínda me doía e me sangraba a cabeza por causa do golpe e da caída que recibira; ninguén lle rifara a John por me bater sen motivo, e como eu me revirara para evitar máis violencia irracional, apandaba co oprobio xeral.

«É inxusto! É inxusto!», dicía a miña razón, dotada por aquel agónico estímulo dunha precoz, aínda que transitoria, forza; e a resolución, igualmente exaltada, instigou a algún recurso a fuxir da súa insoportable opresión, a escapar ou, se isto non se podía levar a cabo, non volver a comer nin beber nunca máis, deixarme morrer.

Que consternación padecía a miña alma naquela tarde funesta! Que tumulto vivía o meu cerebro, que insurrección a do meu corazón! E porén, en que escuridade, en que densa ignorancia se libraba a batalla mental! Non era quen de responder a incesante pregunta interior: por que sufría así? Mais agora, coa distancia de non sei cantos anos, véxoo con claridade.

Eu era unha nota discordante en Gateshead Hall; alí non era ninguén; non harmonizaba coa señora Reed nin cos seus fillos, nin cos seus selectos vasalos. E se eles non me querían, eu tampouco lles quería ben. Eles non podían contemplar con afecto a quen non conxeniaba con ningún deles, unha persoa distinta, oposta a eles en temperamento, capacidade e inclinacións; alguén inútil, incapaz de servir os seus intereses ou proporcionarlles pracer; alguén nocivo, que albergaba os xermes da indignación polo seu tratamento e do desprezo polo seu xuízo. Sei que se fose unha rapaza alegre, brillante, despreocupada, dura, guapa e rebuldeira, aínda que igual de dependente e carente de amizades, a señora Reed soportaría a miña presenza de mellor grado, os seus fillos sentirían por min unha maior cordialidade, e o servizo tería menos tendencia a converterme no chibo expiatorio do cuarto de xogos.

A luz do día comezou a abandonar o cuarto vermello; pasaba das catro e a tarde nubra tornábase nun lúgubre luscofusco. Oía a chuvia aínda a bater decontino na fiestra da escaleira, e o vento a ouvear no arboredo de tras da casa; funme sentindo gradualmente fría como unha pedra e despois perdín a coraxe. O meu ánimo habitual de humillación, de inseguridade, de desolado abatemento

foi enchoupano as brasas da miña minguante carraxe. Todos dicían que era retorcida, e talvez o fose: acaso non acababa de concibir a idea de me deixar morrer de fame? Sen dúbida, iso era un crime. E estaba preparada para morrer? Ou era a cripta baixo o presbiterio da igrexa de Gateshead un destino acolledor? Naquela cripta, dixéranme, xacía enterrado o señor Reed e, levada por esta miña ocorrencia a lembrar este feito, remoín nel cun temor crescente. Eu non o lembraba, pero sabía que era o meu tío —irmán da miña nai— e que me trouxera para a casa ao quedar eu sen pais de meniña, e que nos seus derradeiros momentos lle fixera prometer á señora Reed que me había criar e manter como a unha filla máis. A señora Reed probablemente consideraba que cumprira a promesa, e así o fixera, atrévome a dicir, tan ben como a súa natureza llo permitía, pero como podía apreciar a unha intrusa que non era da súa raza, á que, tras a morte do seu marido, non a unía ningún lazo? Debía de ser do máis irritante atoparse atada pola constrinxente promesa de ocupar o lugar dun proxenitor cunha rapaza allea a quen non podía querer e de ver unha antipática estraña permanentemente entremetida no seu círculo familiar.

Entón concibín unha idea peculiar. Non dubidaba —nunca dubidara— de que, de estar vivo o señor Reed, me trataría con agarimo e agora, alí sentada, contemplando a cama branca e as paredes ensombrecidas —volvendo ocasionalmente un ollar fascinado cara ao tenue brillo do espello—, comecei a recordar o que oíra dicir dos mortos aflitos nas súas tumbas pola violación das súas derradeiras vontades, que volvían á terra para castigar os que incumpriran a súa palabra e vingar os oprimidos; e pensei que talvez o espírito do señor Reed, atormentado polas inxustizas cometidas contra a filla da súa irmá, abandonase o seu lugar de descanso —fose na cripta da igrexa ou no ignoto mundo dos finados— e se presentase ante min naquel cuarto. Enxuguei as bágoas e acalei os meus saloucos, con medo de que algún sinal de mágoa violenta puidese facer acordar unha voz preternatural para me consolar

ou facer xurdir da penumbra un rostro aureolado que se inclinase sobre min con estraña piedade. Esta idea, en teoría consoladora, pareceume terrible e tratei, con todas as miñas forzas, de facela esmorecer; tratei de ser firme. Apartei o cabelo dos ollos, erguín a cabeza e tentei contemplar sen medo o escuro cuarto que me rodeaba; naquel momento, unha luz escintilou na parede. Era, pregunteime, un raio de luar que entraba por algunha fisgoa da persiana? Non, a luz da lúa non se movía, e esta si; mentres a fitaba, desprazouse até o teito e tremeluciu sobre a miña cabeza. Agora podo concluír sen reparos que aquela raiola de luz viña, moi probablemente, dunha lanterna que alguén levaba polo xardín, pero daquela, preparada como estaba a miña mente para o horror, alterados como tiña os nervios pola axitación, pensei que aquel raio veloz anunciaba a chegada dunha visión de ultratumba. O corazón latíame con forza, a cabeza ardíame; un son, que me pareceu o renxer dunhas ás, inundoume os oídos; algo parecía achegarse a min; sentínme oprimida, abafada; fíquei sen resistencia; corrín cara á porta e sacudín o fecho nun esforzo desesperado. Polo corredor chegaron correndo uns pasos; a chave xirou e Bessie e Abbot entraron.

—Señorita Eyre, está doente? —preguntou Bessie.

—Que ruído horrible! Atravesoume o corpo! —exclamou Abbot.

—Sáquenme de aquí! Lévenme ao cuarto de xogos! —berrei.

—Para que? Mancouse? Viu algo? —preguntou Bessie outra vez.

—Oh! Vin unha luz e pensei que viña unha pantasma. —Agarráralle a man a Bessie, que non se soltara de min.

—Berrou á mantenta —declarou Abbot, desgustada—. E vaia berro! Se tivese moita dor aínda tería escusa, pero só quería que viñésemos; ben coñezo os seus trucos arteiros.

—A que vén todo isto? —inquiriu perentoriamente outra voz, e a señora Reed chegou polo corredor, co gorro voando, aberto, e a roupa a renxer como un trebón—. Abbot e Bessie, cría que dera a orde de que deixasen a Jane Eyre no cuarto vermello até que a viñese buscar eu mesma.

—É que a señorita Jane berrou tanto, señora... —explicou Bessie.


—Deixádea. —Foi a única resposta—. Sóltalle a man a Bessie, rapaza; non vas conseguir saír ben librada por estes medios, podes estar segura. Detesto o engano, en especial nas crianzas; o meu deber é ensinarche que eses trucos non funcionan, así que agora quedarás aquí unha hora máis, e non quedarás libre até que non amoses unha calma e unha submisión absolutas.

—Ai, miña tía, teña piedade! Perdóeme! Non o aturo... castígueme doutro xeito! Hei morrer se...

—Silencio! Esta violencia é repulsiva de todo.

E, sen dúbida, así o sentía. Aos seus ollos, eu era unha actriz precoz; víame sinceramente como unha mestura de paixóns virulentas, ruindade e unha perigosa duplicidade.

Unha vez retiradas Bessie e Abbot, a señora Reed, impaciente agora ante a miña frenética angustia e os meus saloucos descontrolados, empurroume bruscamente e encerroume alí dentro sen dar outra fala. Oína afastarse e pouco despois de ela marchar, supoño que me deu unha especie de ataque: pechou a escena un esvaecemento.



ESTE LIBRO ENTROU NO PRELO
O 2 DE OUTUBRO DE 2023

